

A GRAN SORPRESA

“Aquí todos somos galegos” era o lema que toda a veciñanza coñecía moi ben, porque xa se vía nela a súa amizade.

Levantando a cunca do meu café decateime que nas mesas da cafetería poñían frases moi acolledoras, para quen se animaba a entrar e conversar e tamén coñecer xente nova, coma min.

Na porta había un grupiño de xente que falaba da organización das festas patronais, “San Brais”, para as que tan só faltaba un mes.

Como a min me gustan moito esa clase de festas, achegueime e desculpeime por entrar nas súas conversas ofrecéndolle a miña participación no discurso de dita festa.

Eles quedaron abraiados, xa que naquel pobo nunca fixeran un pregón.

A idea gustoulles moito e aceptaron a miña petición, xa que era un pobo moi pequeno e a xente tamén era maior, os máis novos estaban fóra todo o ano e tan só viñan para as festas.

Uxía Barbosa Alonso 1ºD